

6. A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).

Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón.

Os seguintes documentos permítennos realizar unha composición de texto histórico sobre a Primeira República (1873-1874) dentro do contexto do Sexenio democrático (1868-1874).

Trala promulgación da Constitución de 1869, Serrano foi nomeado rexente mentres se buscaba un novo rei para España. Había varios candidatos para o posto. Os carlistas queren a Carlos, polo que se produce a terceira guerra carlista. En cambio, os moderados piden a Alfonso, fillo de Isabel e os republicanos queren a abolición desta posición. Prim propón a Amadeo de Savoia, fillo de Vitor Manuel II, rei italiano e escrupuloso observante da constitución italiana. Desta maneira Prim considera que a súa elección garante a seguridade da democracia, pois Amadeo fora instruído neste ámbito. Ademais respondía á propia lei sálica, que establecía que no caso de non haber sucesores da casa dos Borbóns se acudiría a casa de Savoia.

O reinado de Amadeo I abrangue do ano 1870 ao 1873. O monarca tiña pouco apoio en España, pola súa condición de estranxeiro e polo rexeitamento polas forzas políticas contrarias e o propio pobo. O pobo inventou numerosos alcumes, como o de Don Macarrone I ou Don Melone I. A morte de Prim, deixouno sen o seu principal valedor. Ademais a situación en España era de extrema inestabilidade, e tivo que facer fronte a numerosos problemas. Por unha parte está a Guerra de Cuba, que as leves reformas adoptadas non son capaces de solucionar e a guerra se agrava. Na península continúa a terceira guerra carlista, que tivo un gran apoio popular nalgúns rexións. Finalmente, a ruptura da coalición gobernamental, formada por unionistas, progresistas e demócratas, provocan un continuado bloqueio parlamentario. A raíz de todos estes conflitos, Amadeo I abdica en 1873, declarando o país como ingobernable.

Mentres, grazas ó artigo 17 da Constitución de 1869, créase en España a Federación Rexional Española da Asociación Internacional traballadora (FRE da AIT). Esta é a primeira representante importante do movemento obreiro español. A penetración do anarquismo ven da mas de Fannelli e a do comunismo grazas a Lafargue. Isto provoca un sentimento de medo na burguesía, que ven esta organización como unha ameaza para os seus intereses.

Trala abdicación de Amadeo declárase a Primeira República (1873-1874). Debido á división en canto á organización política da república, dentro do partido xorden diferentes correntes. Os unitarios defenden a creación dun Estado centralizado, seguindo as ideas do liberalismo doutrinario. Pola outra parte, os federais gradualistas, dirixidos por Pi i Margall defendían unha organización de maior autonomía política, similar ás comunidades autonomas existentes na actualidade (segue o liberalismo democrático). Á súa vez, os federais intransixentes ou cantonalistas querían unha división en cantóns demandando unha democracia máis directa (apoiado sobre todo polo movemento obreiro).

Finalmente, realízanse unhas eleccións para formar unha Asamblea Nacional, na que pola victoria dos gradualistas, se establece unha república federal gradualista con Pi i Margall como líder. Elaborouse un proxecto de Constitución federal, inspirada tamén no liberalismo democrático, na que España se dividía en estados federados e se recoñecía a autonomía municipal. Pero este proxecto nunca veu a luz, debido á inestabilidade política e os numerosos conflitos que azotaban España na época xa que as sesión da Asamblea nacional estaban practicamente monopolizadas polas tres guerras en curso.

Ademais das existentes guerra carlista e guerra de independencia de Cuba, no sur e levante español estendeuse o movemento cantonalista que proclamou a sublevación e a independencia destes cantóns iniciándose así a Guerra cantonalista, que fixo fracasar os intentos de reforma e causou a dimisión de Pi i Margall. Nicolás Salmeron sucédelle, que para sufocar os conflitos cantonalista e carlista se apoia nos militares, accedendo a moitas das súas peticións. Pero a necesidade de asinar penas de morte o leva a dimitir, xa que se nega a ir en contra da súa ética. Emilio Castelar pasa a tomar o poder executivo e adopta unha actitude ditatorial para acabar coas guerras. Os federais, decontentos convocan novas

6. A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).
Esta composición está baseada na elaborada por Paula Méndez Chacón.

eleccións, pero nesa asemblea o militar Pavía realiza un pronunciamento que dissolve a Asemblea Nacional.

Ante o baleiro de poder, o xeneral Serrano asumiu o poder executivo da República, contando co apoio dalgúns xefes militares e políticos radicais que forman parte do seu goberno. Serrano suspendeu as garantías constitucionais e prometeu convocar Cortes constituíntes cando o país estivese pacificado; mentres, o exército combatía os carlistas e os cantonalistas.

As tensións entre os republicanos, a guerra carlista e cubana e o incremento das reivindicacións sociais da AIT provocaron unha gran inestabilidade e un medo crecente nas clases propietarias e no exército á desintegración de España e á reivindicación social. Estes temores favoreceron os intentos de Cánovas del Castillo de restaurar a monarquía na persoa de Afonso de Borbón, fillo de Isabel, que se presentaba como un monarca respectuoso co sistema constitucional e liberal (Manifesto de Sandhurst).

En 1874, o xeneral Martínez Campos pronunciouse a favor da monarquía de Afonso XII, con escasa resistencia. Remataba en España a I República. Cánovas defenderá o establecemento dunha monarquía constitucional doutrinaria cunha reorganización dos partidos políticos en dous: o conservador e o liberal cuxa futura alternancia asegurará o monopolio da oligarquía do sistema político na denominada Restauración borbónica.

En Galicia, existe un forte movemento republicano, que se manifesta por exemplo na insurrección de Ferrol en 1872, que tiña o obxectivo de acelerar a chegada da República.

Como conclusión podemos afirmar que ante a grande inestabilidade e curta duración da I República a monarquía será restaurada e o poder político controlado de novo pola oligarquía española e alternado para evitar posibles debilidades a causa dos republicanos e, especialmente, do movemento obreiro.